

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 17 DE XUÑO DE 2011.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 17 de xuño de 2011, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE)

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP)

D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPIÑA.(BNG)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste D^a. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA, Interventora do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO 11 DE XUÑO DE 2011.

2º) DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E DO NOMEAMENTO DE PORTAVOCES.

3º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

4º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

5º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN DA COMPETENCIA DO PLENO.

6º) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, ASI COMO DAS DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO E XENÉRICAS.

7º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS DO CONCELLO.

8º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

9º) APROBACIÓN DA MOCIÓN DA ALCALDÍA REFERENTE Á MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL.

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO 11 DE XUÑO DE 2011.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión de data 11 de xuño de 2011.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos trece membros presentes que legalmente o compoñen acorda aprobala coa seguinte corrección de erros: na páxina 3 onde di trece horas e dezasete minutos, debe dicir once horas e dezasete minutos.

2º) DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E DO NOMEAMENTO DE PORTAVOCES.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, deuse lectura aos escritos de constitución dos grupos políticos municipais e igualmente da constitución por imperativo legal do grupo mixto ao que pasa o concelleiro daquel partido que non acadou un mínimo de dous concelleiros nas eleccións locais, ao abeiro do disposto no art. 74.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e art. 65 do Regulamento orgánico municipal, quedando formados do seguinte xeito:

1) GRUPO DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL: D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ, D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS, D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS, D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ, D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS, D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS E D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ.

PORTAVOZ: D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA.

PORTAVOZ SUPLENTE: D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS.

2) GRUPO DO PARTIDO POPULAR: D. CARLOS TOMÉ FONDO, D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO, D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA E D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS.

PORTAVOZ: D. CARLOS TOMÉ FONDO.

PORTAVOZ SUPLENTE: D^a. MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA.

3) GRUPO MIXTO: D. XESÚS PENA ESPÍÑA (BNG).

PORTAVOZ: D. XESÚS PENA ESPÍÑA.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura á moción da Alcaldía do 13 de xuño, que transcrita di:

Visto o disposto no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, no artigo 211 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e no art. 46.2.a. da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Establecer o seguinte réxime de sesións ordinarias do Pleno: o Pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses, o terceiro mércores dos meses pares (febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro) ás 13 horas. O Pleno correspondente ao mes de agosto trasladarase ao primeiro mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificadas poderá adiantarse ou retrasarse pola Alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar a decreto da Alcaldía de cambio do día de celebración. No caso de coincidir en festivo trasladarase ao día inmediato hábil posterior.

2º) Establecer o seguinte réxime de sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local: todos os martes, a contar desde a data da sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local, ás 14 horas, agás que por causas xustificadas se adiantase ou atrasase a hora pola Alcaldía. No caso de coincidir en festivo trasladarase ao día inmediato hábil posterior.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo pregunta se os plenos ordinarios van ser ás 13 horas, respondendo o Sr. Alcalde que sí. O Sr. Concelleiro engade que pedimos como outras veces outro horario para que poidera vir máis xente e que no caso de que se retrase que se notifique con tempo porque todos temos vidas privadas; o Sr. Alcalde sinala que farase, como de feito xa se fixo a única vez que tivo que retrasarse.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción da Alcaldía dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 5, pertencentes aos grupos municipais do PP (4) e Mixto (1) (BNG).

Queda aprobada a moción da Alcaldía nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura á moción da Alcaldía do 13 de xuño que transcrita di:

Constituída a nova Corporación, en sesión celebrada o día 11 de xuño de 2011, como consecuencia das eleccións locais celebradas o 22 de maio de 2011, de conformidade co disposto no art. 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, se estima procedente a constitución, determinación da composición e réxime de funcionamento das Comisións Informativas de carácter permanente deste Concello, ao seren preceptivas segundo o disposto no art. 20.1. c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro.

A súa función consiste no estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñen que ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os/as Concelleiros/as que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.

Será preceptivo o seu ditame cando a Xunta de Goberno Local actúe con competencias delegadas polo Pleno, agás cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes.

Así mesmo, emitirán ditame sobre aqueles asuntos da competencia da Xunta de Goberno Local e do Alcalde que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión de aqueles.

De conformidade co disposto no art. 124.2, en relación co art. 125, ambos do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, corresponde ao Pleno do Concello, a proposta do Alcalde, a determinación do seu número e denominación iniciais, procurando que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados no Concello. Segundo o art. 20.1.c) da Lei 7/85, do 2 de abril, todos os grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar en ditos órganos, mediante a presenza de concelleiros/as pertencentes aos mesmos en proporción ao número de concelleiros/as que teñan no Pleno.

Por todo elo, de conformidade co disposto no art. 38, en relación cos arts. 123 a 127 e 134 a 138 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por esta Alcaldía propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Constituír as Comisións Informativas de carácter permanente que se relacionan, coa seguinte denominación:

- 1-. Comisión Informativa Especial de Contas, que actuará como permanente de Facenda.
- 2-. Comisión Informativa de Servizos.

2º) As Comisións Informativas estarán integradas polos seguintes membros:

1-. Comisión Informativa Especial de Contas, por un total de 7 membros:

- 4 representantes do grupo municipal do PSG-PSOE: JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, Presidente; RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS, JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS, JOSÉ BOUZAS ESPARÍS.

- 2 representantes do grupo municipal do PP: A designar.

Son designados neste acto polo Portavoz do grupo do Partido Popular os seguintes membros:

Titulares: D^a. MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA E D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO.

Suplentes: D. CARLOS TOMÉ FONDO E D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS.

- 1 representante do grupo municipal Mixto: A designar.

É designado neste acto polo único membro do grupo mixto: D. XESÚS PENA ESPÍÑA (BNG).

2-. Comisión Informativa de Servizos, por un total de 7 membros:

- 4 representantes do grupo municipal do PSG-PSOE: JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, Presidente; JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS, JOSÉ BOUZAS ESPARÍS, JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ.

- 2 representantes do grupo municipal do PP: A designar.

Son designados neste acto polo Portavoz do grupo do Partido Popular os seguintes membros:

Titulares: D. CARLOS TOMÉ FONDO E D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS.

Suplentes: D^a. MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA E D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO.

- 1 representante do grupo municipal Mixto: A designar.

É designado neste acto polo único membro do grupo mixto: D. XESÚS PENA ESPÍÑA (BNG).

A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, se realizará mediante escrito do seu Portavoz dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ao Pleno, poidendo designarse un suplente por cada titular.

3º) Todas as Comisións Informativas estarán presididas polo Alcalde, quen poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno.

4º) As Comisións Informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do R.O.F. e no regulamento orgánico municipal.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción da Alcaldía dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción da Alcaldía, coa composición das comisións feitas polos grupos municipais.

5º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN DA COMPETENCIA DO PLENO.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura á moción da Alcaldía do 13 de xuño que transcrita di:

Para dar cumprimento ao disposto no art. 38 c) do R.O.F., por medio da presente se procede a realizar o nomeamento dos representantes deste Concello nos órganos colexiados que sexan da competencia do Pleno.

Por esta Alcaldía propónse nomear aos seguintes representantes:

- MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA.

Asamblea:

- D. José Luis García García, Alcalde do Concello.

- Un representante do grupo municipal do PSG-PSOE: D. Ramón Rodríguez Romarís.

- Un representante do grupo municipal mixto: A designar. É designado neste acto polo único membro do grupo mixto: D. Xesús Pena Espiña (BNG).

- Un representante do grupo municipal do PP: A designar. É designado neste acto polo Portavoz do grupo municipal do PP: D. Carlos Tomé Fondo.

Xunta da Mancomunidade: D. José Luis García García, Alcalde do Concello.

- FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS DE BANDO: D^a. Patricia Vázquez Lamas.

- MANCOMUNIDADE DE SANTIAGO: D. José Luis García García, Alcalde do Concello.

- PADROADO DA FUNDACION COMARCAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA: D. José Luis García García, Alcalde do Concello.

- CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR: D. José Luis García García, Alcalde do Concello.

- CONSELLO ESCOLAR DO IES DE BRIÓN: D. Jesús Quintela Vázquez.

- CONSELLO ESCOLAR DO CEIP DE PEDROUZOS: D. Jesús Quintela Vázquez.

- CONSELLO ESCOLAR DA ESCOLA DE OS ANXELES: D. Jesús Quintela Vázquez.

- CONSELLO ESCOLAR DA ESCOLA DE BASTAVALES: D. Jesús Quintela Vázquez.

- CONSELLO ESCOLAR DA ESCOLA DE LUAÑA: D. Jesús Quintela Vázquez.

Debate:

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción da Alcaldía dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción da Alcaldía, coas designacións feitas polos grupos municipais.

6º) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, ASI COMO DAS DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO E XENÉRICAS.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura ás seguintes resolucións da Alcaldía:

1) Resolución de data 13.06.2011:

De conformidade co disposto nos artigos 20.1.b da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 59.2.b. da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, neste Concello debe existir por imperativo legal unha Xunta de Goberno Local por ter unha poboación de dereito superior a cinco mil habitantes.

Vistos os artigos 43, 46, e 52 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, resolvo:

1º) Designar aos membros que formarán a Xunta de Goberno Local deste Concello que quedará integrada baixo a presidencia desta Alcaldía polos seguintes membros: D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS; Dª MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ; D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ E D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS.

2º) Nomear aos seguintes Tenentes de Alcalde do Concello:

Primeiro Tenente de Alcalde: D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS.

Segundo Tenente de Alcalde: Dª MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ.

Terceiro Tenente de Alcalde: D. JOSE PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ.

Cuarto Tenente de Alcalde: D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS.

3º) Delegar en favor da Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións desta Alcaldía:

-. A competencia para outorgar licenzas que lle atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

4º) Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno na sesión constitutiva aos efectos da aceptación das competencias delegadas.

5º) Notifíquese ésta resolución aos interesados, dése conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que celebre e publíquese no B.O.P. consonte co disposto no R.O.F.

2) Resolución de data 13.06.2011:

Vistos os artigos 43 e 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, resolvo:

1º) Efectuar delegacións xenéricas de servizos nas persoas que se indican, que comprenderá a vixilancia, inspección e control, baixo a dirección técnica da Alcaldía nas respectivas áreas:

1-. Cultura, Xuventude e Promoción Económica: Dª Patricia Vázquez Lamas.

2-. Muller, Servizos Sociais: Dª Patricia Vázquez Lamas.

3-. Educación, Deportes e Actividades Extraescolares: D. Jesús Quintela Vázquez.

2º) Notifíquese en legal forma, déase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre e publíquese no B.O.P. consonte co art. 44 do R.O.F.

3) Resolución de data 14.06.2011.

Vistos os artigos 43 e 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, resolvo:

1º) Efectuar delegación xenérica de servizos na persoa que se indica, que comprenderá a vixilancia, inspección e control, baixo a dirección técnica da Alcaldía na área:

1-. Urbanismo: D. Ramón Rodríguez Romarís.

2º) Notifíquese en legal forma, déase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre e publíquese no B.O.P. consonte co art. 44 do R.O.F.

O Pleno queda enterado.

7º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVAS E PARCIAIS DO CONCELLO E RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS.

Por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, dáse lectura á moción da Alcaldía que transcrita di:

Como consecuencia das eleccións celebradas o día 22 de maio de 2011, constituíuse unha nova corporación que terá un mandato de catro anos.

Considerando necesario establecer dúas dedicacións exclusivas e unha parcial para o bo funcionamento do Concello, pola multitude de xestións que deben levarse a cabo, o trato cos veciños, as relacións con institucións, a obtención de recursos, o seguimento da actuación municipal e a representación do propio Concello, resulta preciso establecer o réxime das retribucións polo desempeño destes cargos, polo que propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Establecer o réxime de dedicación exclusiva para o desempeño dos seguintes cargos:

1-1) Alcalde-Presidente: D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA.

1-2) Concelleira Delegada de Cultura, Xuventude e Promoción Económica; Muller e Servizos Sociais: Dª PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS.

2º) Establecer o réxime de dedicación parcial para o desempeño do seguinte cargo:

2-1) Concelleiro Delegado de Educación, Deportes e Actividades Extraescolares: D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ.

3º) Retribuir ao Sr. Alcalde con cargo aos orzamentos anuais cun soldo de: 3.022,11 euros brutos/mes, máis as pagas extras de xuño e decembro polo mesmo importe mensual cada unha. Estas retribucións terán plena eficacia e aplicaranse nos seguintes termos: O Alcalde devengará as retribucións asignadas desde o día do seu nomeamento e toma de posesión.

4º) Retribuir á Srª. Concelleira Delegada de Cultura, Xuventude e Promoción Económica; Muller e Servizos Sociais, con cargo aos orzamentos anuais cun soldo de: 1.705 euros brutos/mes, máis as pagas extras de xuño e decembro polo mesmo importe mensual cada unha. Estas retribucións terán plena eficacia e aplicaranse nos seguintes termos: percibirá as retribucións establecidas con efectos do día da entrada en vigor do expediente de modificación da base 66.1 do orzamento vixente, data na que se dará de alta na Seguridade Social.

5º) Retribuir ao Concelleiro Delegado de Educación e Deportes con cargo aos orzamentos anuais cun soldo de: 851,72 euros brutos/mes, máis as pagas extras de xuño e decembro polo mesmo importe mensual cada unha. Estas retribucións terán plena eficacia e aplicaranse nos seguintes termos: percibirá as retribucións establecidas na vixente base de execución do orzamento 66.1 con efectos do día 1 de xullo de 2011, data na que se dará de alta na Seguridade Social, e percibirá as novas retribucións establecidas mediante este acordo con efectos do día da entrada en vigor do expediente de modificación da base 66.1 do orzamento vixente.

6º) O réxime de dedicación mínima necesaria para a percepción das retribucións correspondentes ao posto con dedicación parcial será de cinco horas diarias.

7º) As indemnizacións aos membros da Corporación serán as establecidas na Base de Execución nº 66 do orzamento para o exercizo económico 2011, de seguido especificadas:

Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desplazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostas pola Corporación, polo Alcalde ou por outros órganos competentes serán indemnizadas polo importe do billete ou pasaxe utilizado previa a presentación dos correspondentes xustificantes. A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso do vehículo particular será de 0,19 euros por kilómetro percorrido. Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados mediante dietas polo importe establecido para o Grupo I no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

No que se refire a indemnizacións, os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán, por asistencia ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno e das Comisións de que formen parte, as seguintes cantidades:

-. 90 € por Pleno ou Xunta de Goberno.

-. 60 € por Comisión.

En caso de que nun mesmo día se celebren dúas ou máis sesións, só se recoñecerá a obriga ao pago do importe correspondente a unha única sesión, a de maior importe. Non obstante se estas tivesen lugar en horario de mañá e máis en horario de tarde, recoñeceráse a obriga de pago por cada unha das sesións.

8º) Aprobar inicialmente a modificación da base 66.1 do vixente orzamento municipal, nos termos seguintes:

-. Se engade o seguinte texto: A Concelleira Delegada de Cultura, Mocidade, Promoción Económica, Muller e Servizos Sociais recibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, catorce mensualidades de 1.705 euros brutos/mes cada unha.

- Se modifica a retribución do Concelleiro Delegado de Deportes, que pasa a ter a seguinte redacción: O Concelleiro Delegado de Educación e Deportes recibirá como retribución, en réxime de dedicación parcial, catorce mensualidades de: 851,72 euros brutos/mes cada unha.

9º) Expoñer o expediente de modificación da base 66.1 do vixente orzamento ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei de facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No caso de que non se presenten reclamacións o acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse no BOP, para os efectos da súa entrada en vigor.

10º) Publicar este acordo consonte co establecido no art. 75.5 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que está claro que vostede é quen goberna e ten maioría absoluta, que nós non imos aprobalo nin votar en contra, porque como dixemos goberna vostede, aínda que non vemos lóxico que unha persoa soa leve tantas competencias cando hai oito membros no goberno, ímonos abster.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que ímonos abster porque é o seu modelo, que vostede considera correcto e máis nada.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción da Alcaldía dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 5, pertencentes aos grupos municipais do PP (4) e Mixto (1) (BNG).

Queda aprobada a moción da Alcaldía nos seus propios termos.

8º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dada conta da moción da Alcaldía do 13 de xuño de 2011, que transcrita di:

De conformidade co sinalado no artigo 13 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os órganos das diferentes administracións públicas poderán delegar o exercicio das competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma administración, aínda que non sexan xerarquicamente dependentes.

Visto o art. 64.5 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia así como o art. 22.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, relativo á delegación de atribucións do Pleno na Xunta de Goberno Local; esta alcaldía, en aras do interese público, co fin de axilizar na medida do posible as xestións dos asuntos municipais, propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do Pleno:

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria. (art. 22.2.j da Lei 7/85).

2. A declaración de lesividade dos actos do Concello. (art. 22.2.k da Lei 7/85).

3. A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, - agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais. (art. 22.2.m da Lei 7/85).

4. As competencias como órgano de contratación respecto de contratos de obras, subministros, servizos, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e contratos privados cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso, os seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada. (Disposición Adicional 2ª da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público).

5. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos (art. 22.2.ñ da Lei 7/85).

6. A adxudicación de concesións sobre bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor supere a porcentaxe e a contía indicados. (Disposición Adicional 2ª da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público).

7. O establecemento e modificación dos prezos públicos. (art. 47 do RDL. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais).

8. As demais competencias que expresamente lle confiran as leis (art. 22.2.q da Lei 7/85)

2º) A delegación comprende tanto as facultades de dirección e xestión como a de resolución mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Exclúense da presente delegación as competencias relacionadas no artigo 47.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

3º) Publicar a delegación de competencias no BOP consonte co disposto no art. 51.2 do ROF.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que imos manter a postura de última vez, que aínda que sexa legal consideramos que é un erro quitarlle cada vez máis competencias ao Pleno porque en moitos temas se nos priva de poder debater e por iso votamos en contra.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que a postura nosa é a de sempre, que non ten sentido xustificar isto na eficacia porque vostede ten maioría absoluta e pode aprobar calquera cousa, como é legal a nosa posición vai ser de abstención.

O Sr. Alcalde sinala que faise por axilidade e van ter coñecemento do que se fai na Xunta de Goberno Local porque se lles remiten as actas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción da Alcaldía dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4)

Abstencións: 1, pertencente ao grupo municipal Mixto (1) (BNG).

Queda aprobada a moción da Alcaldía nos seus propios termos.

9º) APROBACIÓN DA MOCIÓN DA ALCALDÍA REFERENTE Á MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL.

Dada conta da moción da Alcaldía do 13 de xuño de 2011 que transcrita di:

Como consecuencia da constitución da nova corporación municipal con data 11 de xuño de 2011 para o mandato 2011-2015, resulta preciso facer unha serie de modificacións no regulamento orgánico municipal que veñen motivadas por unha banda polo establecemento polo propio Pleno dun novo réxime de sesións ordinarias co fin por unha banda de incorporar ao texto normativo o que de feito se viña realizando respecto do Pleno ordinario de agosto que se trasladaba á primeira semana de setembro e por outra banda de establecer a posibilidade de adiantar ou atrasar por causas debidamente motivadas á celebración dun Pleno ordinario, se ben será o propio Pleno o que deberá ratificar como primeiro punto ese cambio de día, co fin de permitir unha pequena marxe de manobra ante casos excepcionais e debidamente motivados e que son tratados como unha excepción singular do réxime xeral de celebración de sesións ordinarias, que permitirá entre outras cousas un aforro de costes.

Por outra banda modifícase igualmente o horario do réxime de sesións da Xunta de Goberno Local para adecualo ao uso deste Concello e igualmente se suprime a necesidade de aprobar as actas das comisións informativas por non resultar necesario posto que as mesmas unicamente emiten ditames ou fan propostas pero non adoptan ningún acordo en sentido estricto e por outra banda as actas non se teñen que transcribir a ningún libro oficial, senón que simplemente os ditames se incorporan aos expedientes correspondentes, polo que carece de transcendencia a súa aprobación.

Igualmente aproveitase este momento procedimental para modificar o réxime de preguntas ante o Pleno, de tal xeito que sexa limitado numericamente como existe na maioría das entidades locais, co fin de que, sen menoscabo da participación de todos os grupos e da realización do seu labor de control e fiscalización dos órganos de goberno, se estableza unha limitación numérica que permita un uso racional das preguntas para evitar situacións que se deron anteriormente de presentación de baterías de preguntas sobre un mesmo tema que o único que fan é interferir no funcionamento ordinario do que debe ser un Pleno no século XXI.

Visto o informe preceptivo de Secretaría, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente as seguintes modificacións do Regulamento orgánico municipal cuxo texto refundido vixente figura publicado no BOP do 11.03.2009:

-. Se modifica o último parágrafo do art. 3 que queda redactado nos seguintes termos: O Pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses, o terceiro mércores dos meses pares (febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro) ás 13 horas. O Pleno correspondente ao mes de agosto trasladarase ao segundo mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificados poderá adiantarse ou retrasarse pola Alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar a decreto da Alcaldía de cambio do día de celebración. No caso de coincidir en festivo trasladarase ao día inmediato hábil posterior.

- Se modifica o art. 35 no seguinte senso: se engade ao artigo o seguinte contido: En cada sesión ordinaria poderá presentarse un máximo de cinco preguntas por escrito e cinco verbais por cada grupo.

- Se modifica o parágrafo 1º do art. 39 que queda redactado nos seguintes termos: A Xunta de Goberno Local, para exercer as súas competencias resolutorias, celebrará sesión ordinaria todos os martes, a contar desde a data da sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local, ás 14 horas, agás que por causas xustificadas se adiantase ou atrasase a hora pola Alcaldía. No caso de coincidir en festivo trasladarase ao día inmediato hábil posterior.

- Se modifica o art. 63 que queda redactado nos seguintes termos: As actas serán arquivadas con numeración correlativa, e os ditames ou propostas da Comisión levaranse ao expediente que corresponda.

2º) Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP da Coruña, para a presentación de reclamacións e suxerencias. No caso de que non se presentase dentro do prazo ningunha reclamación nin suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, debendo publicarse integramente o seu texto no BOP para a súa entrada en vigor consonte co disposto no art. 70.2. da Lei 7/85, do 2 de abril.

3º) Facultar expresamente á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que en principio todo ben, pero non estamos de acordo coa redución das preguntas a cinco, que poderíamos reducir o tempo de exposición aínda que algunhas preguntas levan tempo, sería mellor poñer un límite ao tempo para facer preguntas, pero non ao número de preguntas, polo que pediría se se pode cambiar este tema neste punto.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o argumento é falaz porque só nun Pleno houbo moitas preguntas, eu proporía: dez preguntas por escrito por grupo e de xeito verbal un máximo de tres preguntas por grupo, que cinco por escrito son moi escasas, penso que é un recorte ao modelo e remata sinalando que se se mantén cinco votarei en contra.

O Sr. Alcalde sinala que estamos cambiando de dez a trece segundo a súa proposta; que os precedentes están aí, incluso pediuse que se respondera sí ou non e sobre temas que non teñen ningún sentido e que concellos como A Coruña teñen un límite de catro mocións e dúas preguntas, pero tampouco habería problema en tratar algo que se falara antes.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que penso que debe limitarse por escrito a dez porque vostede necesita tempo para preparalas e contestalas e creo que esta dinámica é moito máis importante.

O Sr. Alcalde sinala que isto hai que regulalo polos precedentes, que estamos nunha media elevada, ¿mantémolas como están ou non?, digan vostedes. O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que non, que sexan dez por escrito e tres orais.

Votación e resultado:

Sometida a votación pola Alcaldía a moción coa emenda acordada dáse o seguinte resultado: Votos a favor: 9, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8) e Mixto (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 4, pertencentes ao grupo municipal do Partido Popular (4).

Queda aprobada a moción da Alcaldía, coa seguinte modificación:

-. Se modifica o art. 35 no seguinte senso: se engade ao artigo o seguinte contido: En cada sesión ordinaria poderá presentarse un máximo de dez preguntas por escrito e tres verbais por cada grupo.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.